




RUTA MÁXICA DE OIA (Serra da Groba)

Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2018



Distancia: 20 km (lineal)
Dificultade: baixa



Percorrido histórico-arqueolóxico e paisaxístico pola serra da Groba, pola coñecida como Ruta Máxica de Oia, entre Mougás e Oia (O Arrabal) para gozar de numerosos puntos panorámicos, de diferentes perspectivas dos montes e dos vales de Mougás e Viladesuso; para achegarnos ademais a dous castros, nove grupos de rochas gravadas, ás coñecidas Pozas de Mougás, ver varias fervezas (algunhas sen auga no verán) das que forman os ríos Broi e de Mougás e case todos os seus afluentes; e o sobreiral do Faro, primeiro espazo natural particular protexido de Galiza.

Un percorrido sen moitas dificultades nin fortes pendentes, ben sinalizado (incluíndo os nomes dos puntos e a distancia ao seguinte e ás localidades próximas) en calquera das direccións, aínda que se bota de menos a ausencia (accidental ou intencionada?) de algún indicador. En total arredor de vinte quilómetros, incluídos os desvíos necesarios para poder pasar por todos os puntos de interese, aos que hai que botarlle horas abondo para poder facelo con calma e deténdose en cada un deles aínda que os petróglifos, como case sempre, teñen o problema do desgaste das rochas e a iluminación.

- | | |
|------------------------------------|--------------------------------------|
| 1-Castro e petróglifos da Cabeciña | 10-Canón do río Broi e rego do Seixo |
| 2-Pedra Lan | 11-A Pousadela |
| 3-Pozas do río Peito ou das Pías | 12-Outeiros do Morouzo |
| 4-O Pousiño | 13-O Viveiro |
| 5-Río da Ferveza (Mougás) | 14-Alto do Visiño (A Xestosiña) |
| 6-Outeiro da Cheira | 15-Auga dos Cebros |
| 7-As Goteiras | 16-A Pedreira |
| 8-Cano dos Mouros | 17-Miradoiro |
| 9-Sobreiral do Faro | |




PERCORRIDO:

Fixemos o percorrido de norte a sur, o primeiro tramo en subida para achegarse ao **castro da Cabeciña** e aos **petróglifos** que hai ao seu pé, logo a pista baixa un algo ou mantén a altura adaptándose ás irregularidades do monte para ofrecer fermosas vistas do val de Mougás, logo atopamos o desvío ao petróglifo de **Pedra Lan**, hai que baixar a costa e volver a subila (800 m en total) e continuar ata o próximo punto de interese, as **pozas de Mougás**, outro curto desvío para velas, e un pouco máis para achegarse aos **petróglifos do Pousiño**, e volta á pista principal. Uns 600 m máis adiante atopamos a ferverza máis alta da contorna e aquí comezamos a subida ata o **Outeiro da Cheira**, entramos na estrada asfaltada e seguimos subindo, a altura do picadeiro está o **petróglifo das Goteiras**, ata o **castro do Cano dos Mouros**, onde deixamos o val de Mougás. Aquí deixamos o asfalto e comezamos a camiñar polo val de Viladesuso e a baixar cara o **sobreiral**, a medio camiño temos unha boa vista do conxunto, e cando chegamos ao **río Broi** temos percorrido, máis ou menos, a metade do camiño. Desde aquí pola outra banda do val temos o traxecto máis longo sen atopar puntos de interese ata chegar ao **miradoiro e petróglifos da Pousadela**, xusto de fronte das illas Orelludas e deixamos a pista principal para continuar por outra máis estreita e menos transitada ata chegar aos **Outeiros do Morouzo**, curto desvío, uns 200 m, para achegarse ao miradoiro e aos petróglifos e seguimos baixando ata chegar ao **Viveiro**, ao pé da captación de auga, aquí temos que facer outros desvíos para achegarnos aos **petróglifos da Xestosiña** e de volta ao da **Auga dos Cebros** ao pé do **río do Vilar**, e volta ao Viveiro. Desde ahí subimos á pista principal e un pouco máis adiante chegamos ao último desvío, o que en cen metros nos pon no miradoiro e nos **petróglifos da Pedreira**. De volta na pista xa só nos quedan uns 400 m para chegar á estrada onde deixamos o coche e rematarmos o traxecto.



Monte Facho desde A Pedreira



Rochas no Cano dos Mouros




Miradoiro da Pedreira






Castro da Cabeciña, cun recinto fortificado, unha recreación dunha vivenda e un interesante conxunto de petróglifos prehistóricos. Desde o cume hai panorámicas de Oia



Pozas do río Peito ou das Pías, unha das cabeceiras do río Mougás



Río da Fervenza (Mougás)



Outeiro da Cheira, con vistas panorámicas sobre Mougás



As Goteiras



Cano dos Mouros un castro con fermosas vistas sobre a costa de Oia e a serra da Groba.




Canón do río Broi



Sobreiral do Faro. Considerado como o bosque mediterráneo máis occidental de Europa. Unha das poucas áreas da serra da Groba onde se conservan especies autóctonas.



Río Broi ou Viladesuso



Rego do Seixo, un afluente do río Broi ou Viladesuso




A Pousadela, un punto con vistas panorámicas e un conxunto de petróglifos e muíños rupestres.



Outeiros do Morouzo.

Na zona coñecida como **O Viveiro**, nas proximidades do rego do Vilar, atópanse uns excepcionais conxuntos de petróglifos, entre os que destacan os da **Auga dos Cebros**, con representacións de embarcación de orixe mediterránea e figuras de animais (debuxo debaixo).



A **Pedreira**, con magníficas vistas sobre Oia e o seu porto, e un excepcional conxunto de petróglifos

